



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOSTA DO PROMOTOR Ó INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO TRÁMITE DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO DE OUTEIRO GRANDE
Promotor	AV OUTEIRO RUBIO, S.L.U.
Localización	CONCELLOS DE FORCAREI E A ESTRADA (PONTEVEDRA)
Expediente	IN661A 2011/1-4

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS:

- O Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 23/03/2022 e número de rexistro de entrada 2022/630622, presenta unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.
- Con data 03/06/2022 e número de rexistro 2022/1188224 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 21/06/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1309102, o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da traslado da resposta do promotor ó informe desta Dirección Xeral de data 03/06/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ó establecido no artigo 37.2.i) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta Dirección Xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítese o seguinte

INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ó informe previo desta Dirección Xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos a



maioría dos requirimentos feitos no informe previo, non obstante, segue sendo necesario que se aporte información de aspectos que poden ter repercusión sobre a saúde da poboación:

- Co respecto ao estudo acústico:

Deberá presentar o resultado do estudo acústico realizado, tendo en conta os niveis estimados debido ao funcionamento dos aeroxeradores e ao ruído de fondo da zoa, medido no estudo preoperacional.

En canto a mostraxe do nivel de ruído, que se efectuará durante a fase de explotación, deberá indicar os puntos concretos onde se levarán a cabo as medicións.

Deberá contemplar as medidas correctoras e protectoras a aplicar en caso de superar os limiares establecidos, en fase de explotación.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

A subdirectora xeral de Programas de Control
de Riscos Ambientais para a Saúde

Inés Mato Nabeira

